



Manuel Celso Matalobos Cerceda, catedrático de Lingua e Literatura Galegas no *IES Lucus Augusti* de Lugo e coordinador da Comisión do 175 aniversario do Centro,

EXPÓN

1. O **IES Lucus Augusti** é un centro educativo de dilatada historia (ver anexo) e durante máis de un século converteuse nun referente cultural da cidade e a provincia de Lugo. É o centro de ensino secundario máis antigo de Galicia e un dos máis antigos de todo o territorio nacional. Polas súas aulas pasaron, ben como alumnos, ben como profesores, personalidades que destacarán en diversos campos das ciencias, as artes, as letras ou a política: Armando Durán, J. Rodríguez Mourelo, M. Castro Gil, Julia Minguillón, Tino Grandío, Xosé Filgueira Valverde, Antonio Fraguas, Celestino Fez. de La Vega, F. Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Luis Pimentel, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro, Leopoldo Calvo Sotelo, Manuel Fraga, Antonio Rosón, Antón Villar Ponte, etc.

2. **José Jorge de la Peña** (1805-1888) foi una personalidade sobranceira do século XIX na cidade de Lugo. Pertencente á Asociación Económica de Amigos do País, foi o médico responsable do Balneario de Lugo durante case 30 anos. Casado cunha neta do marqués de Sargadelos, representou á familia en varios asuntos xurídicos. Publicou diversos traballos como: *Ensayo sobre la perfección del hombre en la extensión de su ser* (1842), *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo* (1846) ou *Memoria sobre la eficacia de los sulfuros contra el cólera morbo asiático* (1855).

Asemade, foi catedrático de Física, Química e Historia Natural e primeiro director do Instituto Provincial de Lugo (1843-1846).

En consideración do ata aquí exposto

SOLICITA

lles sexan dedicadas senllas rúas da cidade de Lugo a:

Instituto Lucus Augusti e a

José Jorge de la Peña

Lugo, 2 de outubro de 2017

Asdo. Manuel Celso Matalobos Cerceda

Ilma. Sra. ALCALDESA DE LUGO